



Concello da Pobra do Brollón

BASES

I CONCURSO DE ESTANDARTES GUÍMAROS

Primeira

O Concello da Pobra do Brollón convoca o II concurso de Estandartes Guímaros, actividade que se realizará dentro do programa de actos da VIII Feira Guímaro o día 08 de xullo de 2023.

Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar aos mellores estandartes inscritos, e así incentivar a tódolos asistentes á participación na feira e á ambientación nos actos organizados con motivo da Feira Guímaro.

Terceira

Para participar no concurso de estandartes guímaros poderán facer a pre-inscrición por whatsapp indicando nome completo, DNI e teléfono no 650 624 828, debendo **inscribirse oficialmente o propio día da feira ás 16:00 horas na zona de mesas de xantar, así como outros participantes que non se inscribirán previamente.**

As modalidades do concurso son as seguintes, entendendo por infantil ata os 12 anos:

Adultos

- ✓ Individual
- ✓ Colectivos

Infantil

- ✓ Individual
- ✓ Colectivos

Quinta

Os estandartes realizaranse tendo en conta a temática Guímaro

Sexta: PREMIOS

ADULTO-INFANTIL

CATEGORÍA	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
Individual	20	10	10
Colectivo	30	15	15

Novena





Concello da Pobra do Brollón

O xurado valorará tanto a execución dos estandartes como a vinculación coa historia ou lendas guímaras. A temática non ter por que ser medieval senón que pode ser tamén vinculada a outros momentos da nosa historia. Será valorada a orixinalidade:

Décima

A decisión do xurado farase pública o mesmo día ás **21:00 horas no recinto da feira**. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.

Décimo primeira

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello da Pobra do Brollón mediante vales. Aos/ás gañadores/-as do concurso deberán de presentar o DNI para o cobro do premio

Décimo segunda

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o alcalde no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

Décimo terceira

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia

A Pobra do Brollón, 29 de xuño de 2023.

Documento asinado dixitalmente na márxe

